



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Marzo 2020**


Santiago de Compostela, 08 de maio de 2020

**Instituto Galego de Estatística**  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en marzo de 2020 unha caída do 5,4% con respecto a marzo de 2019, mentres que a nivel nacional a baixada foi do 10,2%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 1,2%, os bens equipo decreceron un 19,9% e os intermedios retroceden un 10,9%. A enerxía creceu un 10,9%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas negativas corresponden á “fabricación de vehículos de motor” que detrae 2,7 puntos, a “fabricación de produtos metálicos” que minora 1,9 puntos e “fabricación doutro material de transporte” que resta 1,0 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destacan a “producción de enerxía eléctrica”, que suma 3,1 puntos, a “industria da alimentación” que engade 1,2 puntos e a “industria do papel”, que engade 0,4 puntos á taxa interanual.

## Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2020



## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de marzo de 2020 en Galicia acadou unha taxa interanual negativa do 5,4%, empeorando 8,4 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (2,9%). En España rexistrouse un decrecemento do 10,2%, empeorando en 10,3 puntos a taxa acadada no mes anterior (0,1%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 1,2%, o que achega 0,3 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un decrecemento do 19,9%, o que minora 5,1 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** decrecen un 10,9%, cunha repercusión negativa de 3,0 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que aumenta un 10,9% e engade 2,4 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de febreiro de 2020, por destino económico, os bens de consumo empeoran 0,6 puntos, os bens de equipo empeoran 35,4 puntos, os bens intermedios empeoran 11,3 puntos e a enerxía mellora 16,5 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas negativas á taxa interanual de marzo foron: a “fabricación de vehículos de motor” que detrae 2,7 puntos, a “fabricación de produtos metálicos” que minora 1,9 puntos e “fabricación doutro material de transporte” que resta 1,0 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións positivas destacan: a “produción de enerxía eléctrica”, que suma 3,1 puntos, a “industria da alimentación” que engade 1,2 puntos e a “industria do papel”, que engade 0,4 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o -16,0% de Castilla y León e o 1,1% de Murcia. Presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Murcia (1,1%), Extremadura (-1,1%), Canarias (-1,4%), Castilla - La Mancha (-4,9%), Galicia (-5,4%), La Rioja (-6,3%), Madrid (-6,8%) e Comunitat Valenciana (-8,5%).

#### IPI marzo 2020 Taxas de variación en %



#### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



#### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Marzo 2020**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	99,9	-5,4	0,1	--	--
Bens de consumo	116,2	1,2	3,3	0,3	0,8
Bens de equipo	83,3	-19,9	0,6	-5,1	0,1
Bens intermedios	105,4	-10,9	-3,2	-3,0	-0,9
Enerxía	96,7	10,9	0,4	2,4	0,1
<b>España</b>					
Xeral	99,1	-10,2	-4,7	--	--
Bens de consumo	101,5	-3,2	-2,8	-0,8	-0,7
Bens de equipo	93,3	-24,1	-9,1	-6,0	-2,2
Bens intermedios	105,1	-9,7	-3,9	-3,1	-1,2
Enerxía	93,6	-1,7	-3,1	-0,3	-0,6

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Marzo 2020**

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>-5,4</b>		<b>0,1</b>		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	19,0	3,1	4,0	0,8	22,3
Industria da alimentación	8,7	1,2	7,2	1,0	13,2
Industria do papel	19,8	0,4	4,4	0,1	2,2
Confección de roupa de vestir	4,4	0,2	11,1	0,5	4,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,8	0,1	3,9	0,1	4,1
Outras industrias manufactureiras	-9,5	-0,1	21,4	0,1	0,5
Industria téxtil	-9,9	-0,1	1,9	0,0	0,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-2,8	-0,1	-1,4	-0,1	5,1
Fabricación de mobles	-11,7	-0,2	0,9	0,0	1,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-6,6	-0,2	-2,1	-0,1	2,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-12,5	-0,2	-3,8	-0,1	1,4
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-11,0	-0,3	-6,9	-0,2	2,6
Outras industrias extractivas	-42,2	-0,4	5,9	0,0	1,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-23,0	-0,7	-7,4	-0,2	2,0
Industria química	-35,4	-0,7	-12,1	-0,2	1,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-18,2	-0,8	-10,1	-0,4	3,6
Fabricación de bebidas	-25,0	-0,9	-23,0	-0,8	3,5
Fabricación doutro material de transporte	-52,7	-1,0	-41,4	-0,8	2,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-19,0	-1,9	-12,8	-1,2	7,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-22,8	-2,7	14,8	1,7	13,1
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Marzo 2020**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>99,1</b>	<b>-10,2</b>	<b>-4,7</b>
Galicia	99,9	-5,4	0,1
Andalucía	90,2	-11,5	-9,7
Aragón	98,8	-14,1	-5,4
Asturias	96,4	-11,3	-7,5
Balears (Illes)	78,0	-13,0	-10,8
Canarias	96,7	-1,4	-0,7
Cantabria	105,2	-13,6	-8,7
Castilla - La Mancha	100,5	-4,9	-5,0
Castilla y León	88,2	-16,0	-5,7
Cataluña	102,2	-11,5	-5,7
Comunitat Valenciana	100,6	-8,5	-2,0
Extremadura	98,1	-1,1	0,1
Madrid	106,9	-6,8	-2,7
Murcia	111,3	1,1	0,4
Navarra	95,4	-12,2	0,8
País Vasco	95,0	-15,8	-7,6
Rioja (La)	89,8	-6,3	-4,0

Fonte: INE